

Teleperformance A Coruña: nota do Comité de Empresa



O Comité de Empresa de **Teleperformance Coruña** denuncia que a empresa está aproveitando a crise sanitaria do Covid-19 para explotar ó persoal. **Teleperformance** dende A Grela, é unha empresa de Contact Center, que ocupa a máis de 800 empregadxs dando servizos a grandes multinaciónais tanto de telecomunicacións , enerxéticas e outros servizos. **Teleperformance** nesta crise está demostrando a súa incompetencia e falla de inversión para implementar o teletraballo. Impoñen un documento para o mesmo, non consensuado nin negociado coa RLT, na que xs traballadorxs son xs responsábeis de todo, incluso tendo que poñer os seus propios equipos, conexións a internet i electricidade sen coste algún para a empresa. A indecencia de **Teleperformance** chega ata tal punto que pretenden meter man no peto dxs traballadorxs ameazando con realizar descontos en nómina polas incidencias nas conexións dxs axentes, aíndacando recoñecen que o centro de Coruña non estaba preparado tecnolóxicamente para que estxs puidesen traballar dende a casa. Por se isto fose pouco, Teleperformance, alengando reducir costes para non aplicar outro tipo de medidas, chantaxea ós seus empregadxs para que soliciten excedencias, reduzan xornadas ó 100%, adianten vacacións ou compensen horas a futuro, coa correspondente perda adquisitiva queelles supón xs traballadorxs.

DENDE O COMITÉ DE EMPRESA EMPRENDEREMOS TODAS AS ACCIÓN LEGÁIS NECESARIAS EN DEFENSA DOS DEREITOS DE TODXS XS TRABALLADORXS.